

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

Santiago de Compostela, (data da sinatura dixital)

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG N° 73, do 14 de abril de 2024) actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, a entidade Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, CIF: V27017284, representada polo seu presidente Don José Basilio Otero Rodríguez (DNI 33993978R), en virtude do artigo 10.1 dos seus estatutos, ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 15 de marzo de 2004 (DOG núm. 69, do 12 de abril de 2004).

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial, que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás



confrarías de pescadores, organizacións de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.

Os investimentos a realizar coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto acometer unha serie de melloras nos seguintes apartados:

a) Realización dunha lona divulgativa para a presentación en feiras e congresos nos que participa a federación (EXPOMAR, Congreso anual da Federación,...).

b) Organización do *"Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste"* para a defensa conxunta da frota artesanal, que sirva para poñer en común as principais demandas do sector mediante o encontro entre as federacións de confrarías deste caladoiro que abarcan as Federacións de Biscaia, Guipúscoa, Cantabria, Asturias e Galicia, así como das provincias da Coruña e Pontevedra.

c) Realización dun audiovisual conmemorativo do décimo aniversario *"Reflexións sobre a pesca artesanal"* interfederativo de Confrarías Cantábrico Noroeste co obxectivo de por en valor a celebración do evento e os principais avances e logros conseguidos ao longo dos dez anos de celebración do congreso.

Cuarto

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo está inscrita no folio 1 do Tomo 3 do Rexistro de Confrarías e das súas Federacións, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Quinto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025) figura, no capítulo VII, Transferencias de Capital, a aplicación



orxamentaria 16.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada ao financiamento de investimentos da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo (ou beneficiaria) coa finalidade de financiar os investimentos que leve a cabo a esta institución, sen ánimo de lucro, para acadar a mellora da competitividade, tanto da propia Federación como do sector pesqueiro de Lugo.

SEGUNDA. Finalidade da Subvención

Será a realización dos investimentos necesarios para a mellora do funcionamento administrativo da federación e o cumprimento dos seus fins, que consistirán en:

1. Realización dunha lona divulgativa das confrarías para presentación en feiras e congresos.
2. Organización do "*Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste*" para a defensa conxunta da frota artesanal.
3. Realización dun audiovisual conmemorativo do décimo aniversario "*Reflexións sobre a pesca artesanal*".

TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de dezaseis mil euros (16.000 €), que se financiará con cargo á aplicación orxamentaria 16.03.722A.781.5 dos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, proxecto 2014 00639.

Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, descritas na cláusula segunda, co límite máximo de **16.000 €**.



CUARTA. Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo de investimento. Para os efectos de poder comprobar tal extremo, nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA. Obrigas da beneficiaria

A beneficiaria comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á realización das actividades e á adquisición dos bens descritos na cláusula segunda deste convenio.
2. Poñer no coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en adiante Regulamento da Lei 9/2007).

Ademais, son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro,



polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

A tal efecto, deberá achegarse, antes de que se proceda ao libramento de ningunha cantidade, a certificación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigas, asinado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.

2. Sen prexuízo do previsto no devandito artigo 20, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobro da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.1.d) da dita norma, e seguíndose para iso o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **ata o 16 de novembro de 2025**.

Na memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.722A.781.5 incluírase:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e, ao final, o total dos gastos. Esta relación estará conformada pola secretaria da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, co visto e praxe do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A relación ordenada das facturas e os documentos xustificativos é requisito imprescindible para



a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado, indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Mediante pagamentos parciais, unha vez xustificadas os gastos comprensivos de, polo menos, o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2025**.

De conformidade co previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **8.000 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonte ao disposto no artigo 65.4 i) do devandito Regulamento, quedan exentos da constitución da garantía, *“os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados”*

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.



A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada polo/a director/a xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, e polo/a presidente/a e o/a secretario/a da entidade beneficiaria.

UNDÉCIMA. Resolución de controversias

No caso de que se susciten controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

Se subsiste o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contencioso Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos



artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións atoparanse obrigadas a subministrarlle á administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

No relativo ás obrigas específicas de información sobre convenios e subvencións, estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade este convenio, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polas actuacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. Vixencia e efectos

A duración do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 16 de decembro de 2025, sen posibilidade de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan.

Pola Consellería do Mar

O conselleiro

Alfonso Villares Bermúdez

**Pola Federación Provincial de
Confrarías de Pescadores de Lugo**

O presidente

José Basilio Otero Rodríguez

